

ANEXO III: COLECTIVOS EN RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL

Segundo o **II Plan Galego de Inclusión Social 2007-2013** considéranse colectivos en risco de exclusión social ós seguintes:

a) Persoas perceptoras da renda de integración social de Galicia ou aqueles que non poidan acceder a ela, ben por falta do período exixido de residencia ou empadroamento, ou ben por ter esgotado o período máximo de percepción legalmente establecido, ou membros da súa unidade familiar en desemprego.

b) Persoas que participen ou participasen en procesos de rehabilitación ou reinserción social de drogodependentes debidamente acreditados ou autorizados.

c) Persoas internas de centros penitenciarios cuxa situación penitenciaria lles permita acceder a un emprego, así como liberados/as condicionais ou ex-reclusos/as que non tivesen antes un primeiro emprego fixo remunerado tras un período de privación de liberdade.

d) Mulleres procedentes de casas de acollida que presenten problemas adicionais de inserción ou reinserción laboral.

e) As persoas que teñan acreditada pola Administración competente a condición de vítima de violencia doméstica por parte dalgún membro da unidade familiar de convivencia.

f) Mulleres que abandonaran o exercicio da prostitución e se incorporen ao mercado laboral. Transexuais ou en proceso de reasignación sexual.

g) Menores internos incluídos/as no ámbito de aplicación da Lei Orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores, cuxa situación lles permita acceder a un emprego, así como os/as que estean en situación de liberdade vixiada e os ex-reclusos e ex-reclusas.

h) Mozos e mozas que estean ou estivesen ata a súa maioría de idade baixo a tutela ou garda da Administración autonómica.

i) Traballadores e traballadoras inmigrantes que pasen a ser residentes da comunidade cuxas características condicionen a súa integración social.

j) Emigrantes retornados/as con graves necesidades persoais ou familiares.

k) Persoas que forman parte de colectivos ou minorías cuxas características poidan condicionar as súas posibilidades de integración social.